



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DO TAXI DE GALICIA (FEGATAXI), PARA A REALIZACIÓN DE TRASLADOS EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Dña. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

D. Ricardo Villamisar Varela, que actúa en nome e representación da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) G-15353543, en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 42 dos seus estatutos.

As partes, no nome e representación en que concorren, e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.





Segundo. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza, recollidas no artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, a través do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Terceiro. De acordo co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada polas Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola Lei 14/2021, do 20 de xullo, pola Lei 15/2021, do 3 de decembro e pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Cuarto. O artigo 1 do Real Decreto 422/2025, de 3 de xuño, polo que se dotan novas prazas en Seccións de Violencia sobre a Muller, créanse Seccións de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia, e se amplía e modifica o persoal orgánico do Ministerio Fiscal, determina no seu apartado f) a extensión da xurisdición das seguintes seccións:

- a) Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela aos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón e Ordes.
- b) Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Ourense aos partidos xudiciais de Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande.

Quinto. Conforme á disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica do Poder Xudicial, "No caso previsto nos artigos 86.2, 89.3 e 89 bis.3 a Administración competente en materia de Xustiza en función do partido xudicial desde o que se faga a citación poñerá ao dispor das persoas que sexan citadas ante a Sección competente un medio de transporte adecuado para o traslado desde outro partido xudicial distinto ao da sede da devandita Sección. Nos casos previstos nos artigos 87.2, 91.1, 93.2 e 94.2, a Administración competente en materia de Xustiza en función do partido xudicial desde o que se faga a citación poñerá ao dispor das persoas que sexan citadas ante a Sección competente un medio de transporte adecuado para o traslado desde outra provincia distinta á da sede da devandita Sección".





Sexto. A Xunta de Galicia ten dotados aos Tribunais de Instancia dos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón, Ordes, Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande dos medios técnicos, electrónicos e informáticos precisos e adecuados á normativa técnica e de seguridade no ámbito da Administración de Xustiza, para poder realizar dilixencias xudiciais, fiscais, forenses e asistenciais de xeito telemático sempre que a vítima así o interese e sexa posible pola natureza do acto.

Non obstante, ante a entrada en vigor o 31 de decembro de 2025 da normativa anteriormente citada, de acordo coa disposición final terceira do mencionado Decreto 422/2025, do 3 de xuño, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes constatou a necesidade de dispoñer dun servizo de traslado para todas as persoas que sexan citadas xudicialmente para comparecer nas Seccións de Violencia sobre a Muller dos Tribunais de Instancia de Santiago de Compostela e de Ourense desde os partidos xudiciais indicados no primeiro parágrafo.

Sétimo. A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Oitavo. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

No artigo 48 da mesma Lei 11/2007, do 27 de xullo, regúlase a Rede galega de acollemento, indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero. Estes centros están situados en diferentes provincias e localidades de Galicia.





No seu artigo 49 regulouse a creación dun Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) que actúa como centro coordinador da Rede galega de acollemento, así como centro de atención integral. Este centro está situado en Santiago de Compostela.

A Consellería de Política Social e Igualdade constatou a necesidade de dispoñer dun servizo de traslado para todas as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade aos centros de acollida da Rede galega de acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

Noveno. A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

No ámbito de actuación de ambas Consellerías tense constatado a necesidade de dispoñer dun servizo de traslado das vítimas de violencia de xénero e de todas as persoas que sexan citadas xudicialmente dos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón, Ordes, Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande, ás Seccións de Violencia sobre a Muller correspondentes de Santiago de Compostela e de Ourense, así como aos centros de acollida da Rede galega de acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI) e a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

Décimo. A Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece no seu artigo 33. 4 b), segundo a redacción establecida polo artigo 28 da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o seguinte:

"Non serán aplicables as limitacións referidas ao lugar de inicio e destino do servizo na realización de servizos incluídos nun convenio cunha administración pública cuxo fin xustifique





a necesidade ou conveniencia de non limitar a súa prestación por razón do termo municipal en que estean domiciliados os títulos habilitantes. Estes convenios deberán previamente ser informados favorablemente pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en transporte".

Neste caso a necesidade de recorrer a taxis de municipios distintos daquel no que se teña que recoller á vítima é fundamental para preservar o dereito á intimidade das mulleres e garantir a súa seguridade.

O presente convenio foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en data 06/05/2026.

Décimo primeiro. A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese no ano 1991 como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, de conformidade coa Lei 19/1977, do 1 de abril, e co Real decreto 873/1977, do 22 de abril, gozando de plena personalidade xurídica e autonomía. Como organización sectorial máis representativa do sector do taxi en Galicia, integra as organizacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e conta cunha flota total de 1.931 taxis.

Adicionalmente, esta entidade ven colaborando nos últimos anos coa Xunta de Galicia no traslado de mulleres que sofren violencia de xénero, polo que ten demostrada experiencia, coñecementos e pautas de actuación axeitadas para realizar estes traslados de forma adecuada.

A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), tanto pola súa representatividade como polo seu obxecto e fins sociais, pode ser considerada como o instrumento axeitado para apoiar á Dirección Xeral de Xustiza no traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero aos órganos xudiciais e á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero no traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas aos lugares que o requiran, como centros de acollida da Rede galega de acollemento, Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento, permitindo determinar ou suxerir cambios ou medidas que fagan máis eficaces estes traslados e realizar tamén accións divulgativas e de sensibilización ao respecto entre o colectivo empresarial que representa.





Deste xeito, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) proporciona un recurso especializado, seguro, inmediato, colaborando coa Administración Pública na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Décimo segundo. Considérase que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coaduxen na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer novas vías de colaboración que fomenten a participación das persoas traballadoras autónomas deste sector nesta iniciativa pública e, en consecuencia, as partes consideran oportuno subscribir o presente convenio.

Por todo o indicado, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) para:

1. O traslado (ida e volta) de todas as persoas que sexan citadas polas Seccións de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela e de Ourense, desde os partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón, Ordes, Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande.
2. O traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

A colaboración establecida coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) non substituirá en ningún caso aos traslados que se realizan dende outras administración públicas con competencias na materia nin aos traslados que deban realizarse con acompañamento das forzas e corpos de seguridade.





Segunda.-Compromisos das partes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a:

a) Poñer a disposición dos órganos xudiciais galegos o servizo de traslado de todas as persoas que sexan citadas polas Seccións de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela e de Ourense, desde outro partido xudicial distinto ao da sede das Seccións indicadas. Este traslado realizarase sen custo algún para as persoas trasladadas e será prestado pola Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI).

b) Publicar na Intranet de Xustiza (<https://intranet.xustiza.gal/inicio>) un protocolo sobre o desenvolvemento do servizo, os modelos para a súa solicitude e certificación, as cales asinarán as entidades solicitantes e os/as Letrados/as da Administración de Xustiza, respectivamente.

As entidades solicitantes deste servizo, poden ser os órganos xudiciais galegos, as oficinas de asistencia ás vítimas do delito (OAVD), as Forzas e Corpos de Seguridade radicados en Galicia, a Policía autonómica e a Policía Local de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade comprométese a:

a) Solicitar á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) a prestación do servizo de traslado das vítimas de violencia de xénero a un centro dos que conforman a Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral, así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento e sexa imposible realizalo por outros medios. Este traslado realizarase sen custo algún para a muller, así como para os seus fillos e fillas.

b) Facilitar material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI).

c) Facilitar contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) de xeito que permita ás e aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) comprométese a:

a) Realizar os traslados das vítimas da violencia de xénero dos partidos xudiciais de Noia, Arzúa, Ribeira, Negreira, Muros, Padrón, Ordes, Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande, ás Seccións de Violencia sobre a Muller correspondentes de Santiago de Compostela e de Ourense.





b) Realizar os traslados das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas aos centros da Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento que determine a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

c) Poñer a disposición das Consellerías un teléfono de atención permanente ou calquera outro sistema de comunicación, que permita un contacto directo 24 horas para poder efectuar estes traslados, así como designar unha persoa de contacto que posibilita a comunicación permanente tanto coa Dirección Xeral de Xustiza como coa Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero como cos distintos organismos implicados en cada unha das situacións.

d) Preservar en todo momento a confidencialidade da identidade das mulleres, dos seus fillos e fillas e demais familiares que trasladen, co obxecto de garantir a súa seguridade nun contexto de risco para a súa integridade física e/ou emocional.

Polo que, en base ao anterior, naquelas situacións nas que as circunstancias o recomenden, FEGATAXI enviará para realizar o correspondente traslado un taxi dun municipio distinto ao da localidade onde se teña que realizar a recollida da persoa ou persoas a trasladar.

e) Difundir o presente convenio e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero, colaborando ademais na difusión do material informativo que se puidese facilitar por parte da Dirección Xeral de Xustiza e da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

Terceira.- Financiamento

O importe total das axudas para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de **cento vinte mil euros (120.000 €)** que se distribúen do seguinte xeito:

- A achega da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** será de **oitenta mil euros (80.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.227.16 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

- A achega da **Consellería de Política Social e Igualdade** será de **corenta mil euros (40.000,00€)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.227.99 (código de proxecto 2015 00145) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Cada unha das Consellerías aboará os servizos que lle correspondan.





Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación do servizo e existindo crédito axeitado e suficiente poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

Para proceder ao pagamento dos traslados sinalados na cláusula primeira, a entidade beneficiaria deberá presentar ante a Dirección Xeral de Xustiza (no caso dos traslados indicados no punto 1 da cláusula primeira) e ante a Dirección Xeral de Loita contra a violencia de xénero (no caso dos traslados indicados no punto 2 da cláusula primeira) a seguinte documentación xustificativa:

- **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables na súa execución. Deberá presentarse co último pago final anual.
- **Certificación** asinada electronicamente polo/a Letrado/a da Administración de Xustiza do órgano xudicial competente ou do/a Fiscal, no seu caso, conforme a súa execución, unicamente no caso dos traslados indicados no punto 1 da cláusula primeira.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, os importes e datas de realización.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
- **Xustificación dos gastos** realizados en cada pagamento emitidas dentro do período comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite de xustificación.
- **Xustificación dos pagamentos** efectuados en cada pagamento parcial: transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- **Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta** onde se debe realizar o pagamento, na que conste a razón social e CIF, así como





o código de banco, código de sucursal, dígito control e código de conta corrente.

- No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre a data de sinatura do convenio e o 23 de decembro, sendo a data límite para presentar a devandita documentación xustificativa o **26 de decembro de 2026**.

Para un mellor seguimento e control do programa, a entidade poderá presentar cada mes certificacións dos gastos realizados.

Á vista da documentación presentada, a Subdirección Xeral de Medios da Administración de Xustiza e a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órganos competentes de ambas Consellerías, comprobarán a realización da actividade e o cumprimento da finalidade e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirán un certificado acreditativo da verificación realizada e tramitarán o pagamento das respectivas actuacións.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade obxecto do convenio, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Xustiza, e a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservaranse o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación do xustificante de pagamento deste convenio de colaboración presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non





conten cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Sexta.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral





Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións realizadas a través deste convenio, a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, dependentes da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) e as Consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes ou a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que, por este concepto non se lles poderás esixir a estes órganos ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

Oitava.- Obrigas de FEGATAXI

Coa sinatura do convenio, FEGATAXI ten as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e das Consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Política Social e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ás actividades realizadas a través do presente convenio.

Novena.- Causas de resolución

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

1. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
2. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto do convenio ou sen se ter acordado a súa prórroga.
3. O acordo unánime de todas as partes asinantes.





4. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décima.- Protección de datos

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais das persoas asinantes deste convenio serán tratados por cada una das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación e capacidade que ostenten e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais das persoas asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Política Social e Igualdade ostentan a **condición de responsables do tratamento**, as persoas interesadas poderán solicitar ante cada unha delas o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia ostenta a condición de **responsable do tratamento**, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPDP a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.





Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos. En particular, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia comprométese a trasladar de forma fidedigna aos profesionais que leven a cabo o servizo de transporte obxecto deste convenio, a información contida nos parágrafos anteriores da presente cláusula, así como o seu deber de manter a máis estrita confidencialidade e segredo profesional respecto de calquera dato ou información á que puidera ter acceso no desenvolvemento dos seus servizos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade ostentarán a condición de **responsables do tratamento** respecto dos datos persoais que cada unha delas recaden para a xestión e desenvolvemento do presente convenio, en particular dos datos que se inclúan na documentación xustificativa para o pagamento do transporte que lle corresponda a cada unha das devanditas consellerías, que comprenderá a verificación dos datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos destes datos por parte de cada unha das devanditas consellerías baséase no cumprimento dunha misión de interese público e no cumprimento dunha obriga legal (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; Lei orgánica 6/1985/do 1 de xullo, do poder xudicial). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados a outras Administracións públicas de ámbito estatal e autonómico, cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias.

As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento que en cada caso corresponda, o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.





Pola súa banda, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia ostentará a condición de **encargado do tratamento** dos datos persoais aos que teña acceso no desenvolvemento do presente convenio polo que, para os efectos do disposto nos artigos 28 e 29 do RXPd e no artigo 33 da LOPDGDD, comprométese a dar cumprimento ás obrigas que se inclúen a continuación, e esixindo idéntico compromiso do persoal, propio ou externo, ao seu servizo:

- a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do responsable do tratamento e só para os fins deste encargo. Se o encargado do tratamento considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPd, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, porao inmediatamente en coñecemento do responsable.
- b) Non comunicar os datos a terceiros alleos ao ámbito do presente convenio, salvo que se conte coa autorización expresa do responsable do tratamento correspondente, ou nos supostos previstos legalmente. O encargado poderá comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste.

O encargado do tratamento non poderá subcontratar ningún dos servizos que formen parte do obxecto do convenio e que impliquen o tratamento de datos persoais, salvo os traballos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos seus servizos. Sen prexuízo do anterior, no caso de que o encargado do tratamento necesite subcontratar parte dos servizos nos que interveña o tratamento de datos persoais, deberá respectar as condicións indicadas nos parágrafos 2 e 4 do artigo 28 do RXPd.

- a) Manter o deber de segredo sobre os datos persoais aos que teña acceso en virtude do presente convenio, aínda que finalice o seu obxecto.
- b) Garantir que as persoas autorizadas para o tratamento dos datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o encargado lles informará oportunamente.
- c) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- d) Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, mediante as medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que poida cumprir coa súa obriga de responder as referidas solicitudes das persoas interesadas no prazo





previsto pola lexislación vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ao responsable, a primeiro requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>, e dará traslado, asemade, ao responsable do contido da devandita solicitude.

- e) Comunicarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 33 do RXPd.
- f) Implantar, nos casos que sexa de aplicación, as disposicións contidas no R.D. 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanente dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais rapidamente, en caso de incidencia física ou técnica.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas postas en marcha para garantir a seguridade do tratamento.
 - Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se é necesario.
- g) Designar, segundo o establecido no artigo 13.5 do devandito R.D. 311/2022, un Punto ou Persoa de Contacto (POC). O POC de seguridade será o propio Responsable de Seguridade da organización, unha persoa que forme parte da área de Seguridade ou unha persoa que teña comunicación directa con esta ou un departamento ou unidade da organización. O POC contará co apoio dos órganos de dirección, e será quen canalice e supervise, tanto o cumprimento dos requisitos de seguridade do servizo que presta ou solución que provea, como as comunicacións relativas á seguridade da información e a xestión dos incidentes para o ámbito do dito servizo. Indicarase, en todo caso, o nome e apelidos ou denominación do POC, o posto ou cargo en caso que sexa unha persoa física, así como o correo electrónico e teléfono de contacto.
- h) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para acreditar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da





normativa expedidos polas entidades acreditadas ou, de non existir, facilitando a realización das auditorías ou inspeccións que faga o responsable ou outro auditor autorizado.

- i) Destruír, tan pronto como finalice o encargo, os datos persoais e, se é o caso, os soportes onde figuren. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, o encargado poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.

Décimo primeira.- Publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Réxime xurídico do convenio





Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e subsidiariamente, e para o caso de formularse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas conxuntamente pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Créase unha Comisión de Seguimento deste convenio, integrada por seis persoas designadas por cada unha das partes asinantes do convenio:

- ❖ Dúas persoas en representación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia:
 - A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de xustiza, ou persoa que a substitúa, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.
 - A persoa titular da subdirección xeral de medios da administración de Xustiza, ou persoa que a substitúa, que actuará como secretaria.
- ❖ Dúas persoas en representación da Consellería de Política Social e de Igualdade:
 - A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, ou persoa que a substitúa.
 - A persoa titular da subdirección xeral para o tratamento da Violencia de Xénero, ou persoa que a substitúa.
- ❖ Dúas persoas en representación da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI):
 - A persoa que ostente a presidencia, ou persoa que a substitúa.
 - A persoa que ostente o posto de secretario técnico, ou persoa que a substitúa.





Así mesmo, poderán formar parte da comisión as persoas técnicas que se consideren oportunas en función dos temas a tratar.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.

A Comisión reunirase sempre que o solicite unha das partes.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As súas funcións serán:

1. Interpretación do convenio.
2. Intervención previa á resolución por incumprimento.
3. Proposta, de ser o caso, de addendas.
4. Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes.
5. Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

Décimo quinta.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, as persoas asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais, por un período máximo de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

As prórrogas recollidas nesta cláusula formalizaranse mediante a correspondente addenda.

Pola Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez





XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo 2027



Pola Federación de Autónomos do Taxi de Galicia
(FEGATAXI)

Ricardo Villamisar Varela

